


todos os refuxios

FADI HOUMANI · JULIA HUETE · LEMOS + LEHMANN
LUCÍA PERDIZ · ROMÁN CORBATO · VENTURA A. PÉREZ



03/09/2024 - 03/11/2024

.....

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO



Todos os refuxios

Comisaria Sandra MG

Todos os refuxios nace da experiencia individual para verterse cara un espazo común. Desvélese como unha serie de preguntas sen responder: aperturas a pasados, presentes e futuros intercalados que en conxunto abren posibilidades ou imposibilidades ao redor da idea de refuxio, convidando á reflexión propia.

A colección de obras expón cuestións a partir da condensación ou a expansión do espazo, mostrando desde a praxe artística distintas aproximacións tanto á necesidade como ao dereito ao refuxio —material ou intanxible—.

Intrínseca á noción de refuxio, pulsa a confrontación entre o intento de contención das abafadoras forzas da natureza e as diferentes estruturas —físicas e de pensamento— xeradas polo ser humano.

Todos os refuxios propón o espazo como un lugar de pensamento que se activa desde a peregrinaxe do público, xunto ás súas tensións e descansos. Descóbreanse elementos como o son, que actúa como fundamento protector pero tamén como medida obstrutiva desde o medio natural. Maníféstase o corpo como tensor, xerando protección e desprotección, en relación ao peso do refuxio transportado ou á acción de atravesar refuxios sostidos que conforman un bosque transitábel. Preséntanse a imposibilidade e os intentos de refuxio. Desvéstese o acubillo como material sensible e o fantástico desde o misticismo ou o acto ritual.

Texto curatorial
Sandra MG

Fadi Houmani

A Tribe that Loves Boys é una obra multidisciplinar de investigación sobre a intimidade, introspección, autoconecemento e os países árabes e a súa relación coa homosexualidade. O proxecto tenta desenterrar información oculta, agochada no espazo negativo, e poñela no punto de mira, no espazo positivo.

Unha investigación que abrangue os departamentos da caligrafía árabe, a poesía de Abu Nuwas, a homosexualidade no Islam ou o Beirut de Pasolini. Así mesmo, seguindo a estrutura do relato-marco e a influencia de *As Mil e Unha Noites*, créanse unha serie de contos que funcionan como os receptáculos para as investigacións, narrados polo Xenio. Unhas historias que se moven entre o solpor e o amencer, cobrando vida ao abeiro da noite. Os contos, en formato animación, tratan de príncipes, de magos illados en torres, ou de amantes que comparten viño; ilustrando espazos oníricos: o abismo, o deserto, o templo.

Da man dos vídeos, unha cortina circular a partir dun deseño arquitectónico a modo de refuxio representa a privacidade. O proxecto remata con catro carteis que, seguindo a estrutura de columnas e piares, organizan imaxes e caligrafía a modo de comunicación dos contos e como un formato no que experimentar co cartel de cine.

Julia Huete

Sequitur é un proxecto artístico centrado na produción e exposición dunha serie de pezas bidimensionais e tridimensionais, nas que os principais materiais son madeira e tecido. É un proxecto en curso que procede da experimentación plástica, observación e manipulación de formas e materiais relacionados co vestido.

Sequitur ven das dicotomías presentes en proxectos anteriores e que son unha constante na produción da artista: a relación imaxe-objeto e os contrastes de materiais tradicionais con materiais e acabados máis industriais. Así, as pezas de tecido están feitas a man por artesáns e as pezas de volume son traballadas con corte láser en materiais menos nobres, coma o cartón. Proponse unha instalación no espazo na que os propios elementos individuais recordan aos refuxios téxtiles, vencellando a la á calor, e xerando á súa vez refuxios transitables en suspensión a partir das divisións arquitectónicas establecidas polas propias pezas.

Lemos + Lehmann

SOLSTICE, the still sun é unha instalación multisensorial que presenta a última peza de Lemos + Lehmann; formación composta por Pat Lemos (Vigo, España) e Lukas Lehmann (Zwickau, Alemaña). Un convite á contemplación e á presenza consciente. Unha viaxe ao centro da obra.

SOLSTICE é un libro de artista sónico, de edición limitada, que encarna a incursión do dúo no ciclo espiritual do inverno ártico. Un espazo liminar entre o humano, o non humano e a disolución do eu como estado de liberdade.

A edición consta de 100 exemplares realizados artesanalmente, convertendo cada unidade nunha peza única, con matices visuais e sonoros propios.

A composición ambiental creada para *SOLSTICE* é unha edición exclusiva en vinilo, non existe en formato dixital. A obra pode experimentarse na súa totalidade adquirindo a peza e asistindo ás sesións de escoita activa levadas a cabo polos artistas. A próxima terá lugar o 31 de outubro, no marco de actividades da exposición *Todos os refuxios*, en Casa das Artes.

Lucía Perdiz

Errare humanum est... é un conxunto de pezas xurdidas dun proceso arredor do concepto de mobilidade territorial. Artículanse a partir da apropiación de elementos atopados na contorna inmediata; obxectos do cotián pertencentes ao fogar, empapados de significación, que se mesturan con materiais reciclados e refugallos industriais. A linguaxe da urxencia, do precario e do inestable establece un eixe condutor entre as pezas.

A noite de Europa emprega como obxecto de estudo as construcións erguidas a partir de fragmentos e materiais de proximidade, invitando así a unha reflexión sobre a plástica das arquitecturas da urxencia. En *Crossing*, a acumulación de vultos e atadallos xoga o papel de corpos en tránsito, presentando a posibilidade de movemento a través da súa base móbil. O termo *Maqam* en árabe ten varios significados, pode ser lugar, estancia, situación, estación, dignidade... O encontro entre materiais dispares da lugar a formas de articulación híbridas propias dos espazos limiars. *Welcome* artículase a partir de elementos da contorna, imprimíndolle á peza un carácter efémero. Unha fragilidade pertencente ás arquitecturas da mobilidade.

Román Corbato

Desde tempos inmemoriais existiu a necesidade humana de marcar o territorio polo que camiñamos. Esta marca sérvenos para identificar un espazo concreto nun tempo concreto, é dicir, crear un lugar. A acción de andar configúrase como un acto creativo que implica un desprazamento lento polo espazo, o que provoca que as paisaxes camiñadas vólvanse progresivamente familiares. Un refuxio debe reflectir o feito de habitar da forma máis esencial posible, xerando un hábito de protección e seguridade que permite habitar o lugar. Estas tres accións: marcar e andar polo territorio, e refuxiarse, son as detonantes dun corpo de obras que reclaman a idea de refuxio como un espazo de reunión: o do lugar da experiencia e a do suxeito creador que o habita.

Ventura A. Pérez

O proxecto de base híbrida *Espazos-corpo* parte dunha investigación doutoral que ten en conta a escala como vaso comunicante entre corpo e arquitectura. A instalación está composta por tres elementos: o primeiro, por unha prenda que se adapta ao corpo; o segundo, por un cubo de tea que queda unido arredor desa mesma prenda e, terceiro, por unha instalación de poleas e contrapesos que, a súa vez, se adapta ao exterior do cubo de tea.

Esta tripla combinación en cadea da prenda, cubo e mecanismos de poleas pode ser lida en diferentes formas. Por un lado, pódese entender de dentro para fóra, como un corpo capaz de modelar co seu movemento e dimensión unha estrutura arquitectónica dócil. Por outro lado, pódese comprender de fóra cara dentro. É dicir, como unha arquitectura que restrinxe o movemento do corpo e que nos lembra a un aparello de tortura ou camisa de forza.

Esta ambigüidade entre corpo activo/arquitectura pasiva ou, pola contra, corpo pasivo/arquitectura activa é o principal motor desta investigación.

**Do 3 de setembro ao
3 de novembro de 2024
Casa das Artes**

Todos os refuxios

FADI HOUMANI · JULIA HUETE · LEMOS + LEHMANN
LUCÍA PERDIZ · ROMÁN CORBATO · VENTURA A. PÉREZ

Casa das Artes

Policarpo Sanz, 15, Vigo

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:30 h.

Domingos e festivos: de 10:00 a 14:00 h.



Descarga o
folleto en
galego



Descarga el
folleto en
castellano



Download the
exhibition
information
in English